

IZQUIERDO SISTERS

QUEN SOMOS...

O dúo cómico e de improvisación **Izquierdo Sisters (Marita Martínez e Lucía Veiga)** nace no ano 2012 como proxecto de dúas actrices ás que lles gusta traballar xuntas, e que aman a Impro. A raíz de alzarense co 1º premio no I Campionato Galego de Impro 2013, organizado en Santiago de Compostela, deciden continuar con esa faceta, dende dentro da desaparecida compañía Los Duguis Impro (con espectáculos como *Spin Off*, *Improcadabra*, *Versión Beta*, *Impro Top Manta*, *Cadena Impropetua*, *Libre Configuración...*) e como dúo (con *Improscenia*, Impro infantil e Impro tematizada para adultos)



MARITA MARTINEZ: Ás súas costas conta cunha ampla experiencia en teatro amador e universitario (Teatro da Bufarda e LaTuerka Teatro), así coma en oito montaxes de teatro profesional con Espello Cóncavo e Teatro Galileo, e varias participacións en series e programas do audiovisual galego como *Mareas Vivas*, *Os Atlánticos*, *Cuarto sen ascensor*, *Malo Será*, *Os Mariachis* e *Luar*. Narradora oral e monologuista, comezou na Impro na Factoría Galaica de Improvisación, formándose na técnica con IMPROMADRID e Planeta Impro en Barcelona.



LUCÍA VEIGA: Actriz de teatro amador e universitario en diversas montaxes (Balteira Teatro e LaTuerka Teatro) é también monologuista e artista escénica tradicional, procedente do GMBT Xacarandaina. Formouse en interpretación en LaTuerka Films e en técnica de Impro con Los Duguis Impro. Traballou nas web series *Galicia Crime* e *Peter Brandon, unha vida pola comedia*, galardonadas cos Mestre Mateo 2017 e 2018. Vén de traballar no *Luar*, no *Malicia Noticias* e en *Malo Será*, así como nas series *Vivir sin Permiso*, *Os Mariachis*, *Serramoura*, *A Estiba*, *El Desorden que Dejas*, a curta *As tres caídas de María Santiso*. Presentou a XIX Gala dos Premios Mestre Mateo no 2021.



A IMPRO...

A improvisación teatral é unha técnica escénica e narrativa que permite contar historias que se xeneran e desenvolven no mesmo intre de actualas. Diante do público, e coa súa participación directa a través de suxerencias sobre situacións, personaxes, títulos e lugares onde situar a acción, vaise desvelando a trama da historia que se constrúe e cobra vida en escea, potenciando a imaxinación e a creatividade, e estimulando ao espectador. Non hai un guión preparado nin escrito, todo se fai en directo diante dos ollos do público, de xeito que cada actuación é orixinal e irrepetible... O noso obxectivo último é divertir e sorprender facendo un humor fresco e de calidade.



OS NÓSOS ESPECTÁCULOS

Os nosos shows de Impro son adaptables, tanto en temática e contido como en duración e público ao que vaian dirixidos (infantil, familiar, adolescente ou adulto) e incluso personalizados no caso de cumpreanos, vodas ou eventos de empresa. Facemos un espectáculo de humor a medida sen renunciar á improvisación. Ademais de seleccionar o vestiario e o contido que mellor se adapte, tamén contamos cun improvisador musical, Javier Brandido, que se encarga de ambientar e vestir con música e efectos sonoros os nosos espectáculos, enriquecendo enormemente o resultado final.

A duración media de todos os espectáculos é de 75 min. E estes son algúns exemplos:

IMPRO É AMOR. AS CATEQUISTAS: Dúas irmás peculiares que se adican en corpo e espírito á practica e catequese da Impro, realizando "exercicios impro-espirituais" cheos de humor coas aportacions e suxerencias do público...Porque nada eleva mais a alma que unha boa enchenta de risas.



GALICIAN HORROR HISTORY: Espectáculo de improvisación conducido por dúas inquietantes irmás decimonónicas que contactarán, coa axuda do público, con todo o que haxa que contactar a fin de amosar e desvelar os máis profundos misterios da Galicia máis negra e luctuosa: crimes, asasinatos, espíritos, lendas urbanas, marcos movidos e oscuros segredos...

IMPROCHOU: O formato máis tradicional de improvisación, unha selección de distintas dinámicas de impro de pequeno e mediano formato totalmente caracterizable en temática, duración e vestiario. Festival de inxenio con historias desternillantes para todos os públicos.

MOVIDAS BIZARRAS: Espectáculo de improvisación conducido por dúas pouco ordinarias axentes da orde que investigarán todos os casos e fenómenos "extraños" que propoña o público, porque ata as cousas máis normais e cotiás teñen algo de paranormal e bizarro.

REINAS MALAS: En colaboración con Ángela Triana e Diana Sieira, Las Niñas de la Risa, presentan un espectáculo variopinto que combina monólogo con Impro e o que teña que ser, que sexa.

